



## BASES CAMPAÑA VOLTA AO COLE - MERCA EN LUGOCENTRUM

### **PRIMEIRA – ORGANIZADORES E DATAS DA CAMPAÑA**

A Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos LUGOCENTRUM, provista de CIF G 27296409, e con domicilio a efectos de notificación en Ronda da Muralla, 52, entrechán dereita, 27002, Lugo, -en diante LUGOCENTRUM-, levará a cabo a esta campaña promocional na que poderán participar todos os establecementos asociados, que terá lugar entre o 9 e o 22 de setembro do 2019, ambos engadidos, e que consistirá no sorteo de 10 tablets Samsung entre todos aqueles participantes que nos axuden a promocionar as vendas e incentivar o consumo nos nosos establecementos a través dos seus likes e comentarios na páxina de facebook de Lugocentrum.

### **SEGUNDA - OBXECTIVO**

O obxectivo desta Campaña "VOLTA AO COLE" CAMPAÑA DE VOLTA AO COLE – MERCA EN LUGOCENTRUM, organizada pola Asociación Lugocentrum, é o de incentivar o consumo e promocionar as compras que se realicen nos establecementos asociados dentro das datas de duración da campaña sinaladas, utilizando para elo as novas tecnoloxías, mediante a publicidade obtida nas redes sociais, a través da participación na campaña de tódolos aqueles que se animen co aliciente de gañar os agasallos que se sortearán entre todos eles, segundo se detalla nestas bases.



### TERCEIRA – MECÁNICA DA CAMPAÑA

A mecánica da campaña consistirá no seguinte:

Todas aquelas persoas que dende as 10.00 horas da mañá da data 9 de setembro do 2019, ata as 23.59 horas da noite da data do 22 de setembro, entren na páxina de facebook de Lugocentrum e sigan os seguintes pasos:

- SEGUIR A PÁXINA DE FACEBOOK DE LUGOCENTRUM.
- DARLE A "ME GUSTA" E COMPARTIR A PUBLICACIÓN RELATIVA A ESTA CAMPAÑA E SORTEO, QUE A ASOCIACIÓN PUBLICITARÁ A TALES EFECTOS.
- COMENTAR MENCIONANDO A DOUS AMIGOS E TAMÉN A DOUS ESTABELECIMENTOS DE LUGOCENTRUM NOS QUE LLES RECOMENDA MERCAR ÓS AMIGOS (para elo poderán consultar o listado de comercios adheridos á asociación e á campaña que se publicitará no facebook da asociación).

O sorteо entre todos os participantes levarase a cabo polo sistema EASYPROMOS, EN DATA DE 23 DE SETEMBRO, ÁS 12.00 HORAS.

Este método ou sistema consiste nunha APLICACIÓN para crear un SORTEO ONLINE entre os usuarios das nosas redes sociais que sigan os pasos indicados para participar nesta campaña e entrar no sorteо. A aplicación permite premiar aos usuarios que máis interactúen coas publicacións das campañas, obtendo ao mesmo tempo un certificado de validez para dar transparencia ao sorteо en facebook.



Esta aplicación ten múltiples vantaxes, e resulta moi axeitada para incrementar o "engagement" da nosa páxina de facebook. Así, pódese converter cun só clic unha publicación na biografía dunha páxina de facebook, nun sorteo entre todos os usuarios que puxeron "me gusta" ou deixaron comentarios no post. É pois a forma máis sinxela e efectiva para os usuarios das redes sociais de participar, xa que non precisa rexistro algúin, e ademais ten as vantaxes de incrementar o "engagement" (captación), as interaccións e a visibilidade da páxina de facebook, ademais de incrementar a difusión das promocións e campañas, aumentando o número de participantes e conseguindo unha maior efectividade das campañas.

SERÁ CONDICIÓN INDISPENSABLE PARA QUE A CELEBRACIÓN DESTE SORTEO TEÑA LUGAR, QUE EXISTA UN MÍNIMO DE 50 PARTICIPACIÓN VÁLIDAS CONFORME AO DETALLADO NAS BASES DA CAMPAÑA. DE NON SER ASÍ, O SORTEO SERÁ CANCELADO E O AGASALLO PREVISTO QUEDARÁ A DISPOSICIÓN DA ENTIDADE ORGANIZADORA PARA O FIN QUE SE ACORDE NO SEU CASO.

#### CUARTA - PARTICIPANTES

Poden participar nesta campaña/concurso todos os consumidores que sexan seguidores da páxina de Facebook @LugoCentrumCCA, e que sigan os pasos indicados nestas bases dentro das datas límites fixadas para a duración da campaña.

Non poderán participar menores de idade nin familiares ata o 2º grado dos titulares ou traballadores dos comercios asociados, así como tampouco membros da xunta directiva da entidade organizadora, nin familiares dos mesmos ata o 2º grado.



A mera participación nesta campaña supón a plena aceptación destas bases, así como a aceptación de tódalas condicións e requisitos recollidos nas mesmas a tódolos efectos.

As presentes bases serán depositadas ante notario e serán publicadas na páxina de Facebook de LugoCentrum.

#### QUINTA- PREMIOS

Todos os participantes nesta campaña, poderán optar a un premio. Sortearanse un total de 10 unidades de tablets modelo SAMSUNG GALAXY TAB A 10,1" T580 32 GB, valoradas en 178 euros íve engadido, por unidade (Total das 10 tablets: 1.780,01 euros íve engadido).

#### SEXTA- ENTREGA DE PREMIOS

A entidade organizadora notificará fehcientemente aos premiados cos agasallos indicados nesta campaña, coa antelación suficiente para o acto de entrega de dito premio, comunicándolle a data, hora e lugar de celebración de dito acto de entrega.

Os gañadores/as deberán acudir personalmente a recoller o premios ao acto de entrega, xunto co seu DNI, salvo causa de forza maior ou imposibilidade que deberán xustificar ante a organización, e nese caso, a persoa que acuda deberá aportar autorización firmada polo gañador, así como fotocopia do DNI de autorizante e autorizado.

No caso de que algún dos gañadores non se presente a recoller o premio nin envíe a ningún autorizado no seu nome, a organización poderá dispoñer do premio correspondente do xeito que considere oportuno.

#### SÉTIMA- CESIÓN DE DEREITOS E PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no Reglamento da UE 2016/679 de 27 de abril do 2016, así como na Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de protección de datos personais e garantía de dereitos dixitais, infórmase que os datos subministrados polo titular dos mesmos aos efectos de participar nesta campaña, serán incorporados a un ficheiro ou rexistro privado e confidencial, do que é titular e responsable a entidade LUGOCENTRUM. Que a lexitimación para a obtención destes datos ven dada, pola necesidade de contar cos mesmos para poder participar nesta campaña/acción promocional ou publicitaria, sendo tales datos tratados con todas garantías, e coa única finalidade de dar saída e cumplimentar os fins e obxectivos propios da campaña, sendo os datos conservados polo responsable do ficheiro durante o periodo de duración de dita campaña.

O titular autoriza expresamente mediante a súa participación nesta campaña e aceptación das presentes bases a que os datos básicos de identificación facilitados a tal fin, así como as imaxes tomadas no seu caso dos actos da mesma, poidan ser publicitados/as en medios de comunicación, redes sociais, etc., todo ello a efectos única e exclusivamente de divulgar e publicitar dita campaña ou acción promocional. Asimesmo, autoriza a que os datos sexan cedidos a terceiras empresas relacionadas coa entidade organizadora, aos únicos e exclusivos efectos de dar cumprimento aos fins da campaña en canto a divulgación, publicidade e promoción da mesma.



O titular dos datos subministrados, poderá exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación ou supresión, limitación do tratamento, oposición ao seu tratamiento, portabilidade, esquecemento, e todos aqueles recollidos no Reglamento referido e na normativa aplicable, por medio de comunicación escrita dirixida a ASOCIACIÓN LUGOCENTRUM, RONDA DA MURALLA 52, ENTRECHÁN DEREITA, 27002, LUGO-Telf. 982255120- ou no seguinte mail: lugocentrum@comerciogalicia.es, na cal conste expresamente e se especifique o derecho que desexa exercitar. O titular ten dereito tamén a reclamar ante a autoridade de control en materia de Protección de Datos, no caso de que considere que se vulneraron os seus dereitos nesta materia ou non obtivera satisfacción no exercicio dos mesmos.

#### OITAVA- DESCUALIFICACIÓN

A inobservancia dalgunha destas bases producirá en canto sexa detectada pola organización, a descualificación inmediata do participante nesta campaña, sendo comunicada tal circunstancia ao interesado/a, e sen que a entidade organizadora incurra en responsabilidade algunha por dita descualificación.

#### NOVENA: MODIFICACIÓN OU SUSPENSIÓN DA CAMPAÑA

A entidade organizadora resérvase o derecho a modificar total ou parcialmente estas bases por motivos xustificados, publicando debidamente as modificacíons producidas no seu caso, así como o de suspender a campaña por causas alleas a nosa responsabilidade ou de forza maior, sen incorrer por elo en ningún tipo de responsabilidade.